



### ■ **Obxectivos do curso**

O obxectivo principal do curso é que os alumnos adquiran os coñecementos teórico-prácticos e habilidades que lles capaciten para traballar nas disciplinas da ordenación do noso solo e responsabilizarse dos procesos de xestión do territorio. O estudo do urbanismo e a ordenación territorial farase partindo da normativa urbanística española estatal, facendo referencia, nos aspectos de maior interese, á normativa autonómica e, especialmente, á da Comunidade Autónoma galega.

Combina o estudo dos fundamentos teóricos cunha completa formación práctica que no ámbito urbanístico é variada e complexa.

### ■ **Dirixido a**

Arquitectos interesados en ampliar os seus coñecementos cunha formación especializada no campo do urbanismo. Profesionais en exercicio do ámbito urbanístico que necesitan actualizar os seus coñecementos en xestión urbanística.

Persoal das diferentes administracións públicas de Galicia: funcionarios de carreira ou persoal interino dos grupos A e B que estean en posesión do título de licenciado, arquitecto, arquitecto técnico ou enxeñeiro, e persoal laboral dos grupos I e II que se atopen en posesión de calquera dos títulos anteriormente citados.

### ■ **Recoñecementos oficiais**

Este curso está homologado pola Escola Galega de Administración Pública.


### ■ **Dirección académica**

- Juan Raposo Arceo. Doutor en Dereito e Profesor da UDC.
- Elvira Carregado Pazos. Arquitecta.
- Ignacio Soto González. Arquitecto

## ESQUEMA DE CONTIDOS E DESENVOLVEMENTO DO CURSO

No seguinte esquema describíense as fases de desenvolvemento e contidos do curso, xunto coa duración de cada un dos módulos e bloques en que se artella.

Ademais, describíense os requisitos necesarios para a súa superación e a obtención do título correspondente.



Os contidos do curso artéllanse en dous bloques:

- **Bloque I\_Contidos troncais:** Comprende as materias obrigatorias do curso, comúns para todos os alumnos.
- **Bloque II\_Contidos optativos:** Comprende dous módulos optativos e o desenvolvemento dun traballo individual.

Os alumnos deberán elixir un dos dous módulos optativos propostos, e elaborar un traballo individual de temática libre relacionado cos contidos desenvolvidos no curso.

## Bloque I: CONTIDOS TRONCAIS

Comprende un primeiro bloque de **materias troncais, obrigatorias e comúns para todos os alumnos**. Se organiza en tres módulos temáticos que abarcan as diferentes escalas e disciplinas do urbanismo desde unha perspectiva xeral nos que se integran os seguintes contidos:

MÓDULO 1 [ 88 h]:	A ESCALA TERRITORIAL
MÓDULO 2 [112 h]:	A PLANIFICACIÓN E A XESTIÓN URBANÍSTICA
MÓDULO 3 [ 48 h]:	A INTERVENCIÓN ADMINISTRATIVA NA EDIFICACIÓN E USOS DO SOLO

O desenvolvemento dos contidos que integran cada un destes módulos artéllase en clases teóricas e talleres e clases prácticas, onde os alumnos desenvolverán **traballos en grupo** en diferentes modalidades ao longo do curso. Ambas modalidades (formación teórica e talleres e clases prácticas) son complementarias na formación do alumno.

## Bloque II: CONTIDOS OPTATIVOS

Comprende un segundo bloque de **materias optativas máis o desenvolvemento dun traballo individual** sobre un tema que garde relación cos contidos do curso.

### II.1. Módulos optativos

Así, nesta segunda fase, **os alumnos deberán elixir un dos dous módulos seguintes**:

MÓDULO IV [ 32 h]:	REXENERACIÓN DE CIUDADES E BARRIOS CONSOLIDADOS.
MÓDULO V [ 32 h]:	NOVO PROCEDIMIENTO ADMINISTRATIVO E CONTRATACIÓN PÚBLICA.

### II.2. Traballo individual:

Como fase final do curso, os alumnos realizarán un **traballo individual** que versará sobre un estudo e análise en torno a problemas técnicos, teorías ou políticas aplicadas para o coñecemento ou actuación sobre una materia daquelas que constitúen o obxecto dalgún dos contidos do programa. O seu nivel terá carácter de tese de investigación. O tema obxecto do traballo será proposto polo alumno, e deberá contar cunha titoría externa, ademais da titoría interna dentro do programa lectivo.

**Relación de profesores do curso**

<b>MÓDULO 1</b>				
Relatores	Xerardo Estévez Fernández	Arquitecto	Daniel González Franco	Arquitecto
	Manuel Borobio Sanchiz	Arquitecto	José María Ezquiaga Domínguez	Doutor Arquitecto
	Juan Requejo Liberal	Xeógrafo e economista	Albert Cuchí i Burgos	Doutor Arquitecto
	Miriam García García	Doutora Arquitecta	Carlos Calzadilla Bouzón	Enxeñeiro agrónomo
	José Daniel Turrado Sánchez	Xeógrafo	Francisco Pol Méndez	Arquitecto
	Francisco Castillo Rodríguez	Xeógrafo	Xosé Manuel Tato Camino	Licenciado en Dereito
Profesores de taller	Manuel Borobio Sanchiz	Arquitecto	Francisco Castillo Rodríguez	Xeógrafo
	Daniel González Franco	Arquitecto	José Crespí González	Arquitecto
	Manuel Carbajo Capeáns	Arquitecto		
<b>MÓDULO 2</b>				
Relatores	Encarnación Rivas Díaz	Arquitecta	Oscar Peña Sánchez	Arquitecto
	Xosé Francisco Freire Corzo	Arquitecto	Carles Llop i Torné	Doutor Arquitecto
	Juan Marcos Pérez Gulín	Economista	Berta Rosón López	Licenciada en Dereito
	María José Valenzuela Rodríguez	Licenciada en Dereito	José Ángel Oreiro Romar	Licenciado en Dereito
	Carmen Rodríguez Andrade	Licenciada en Dereito e CC. Políticas	Manuel Carbajo Capeáns	Arquitecto
	José Fariña Tojo	Dr. Arquitecto e Licenciado en Dereito	Gerardo Roger Fernández	Arquitecto
	Alfonso Díaz Revilla	Arquitecto		
Profesores de taller	Manuel Borobio Sanchiz	Arquitecto	Alfonso Díaz Revilla	Arquitecto
	Xosé Francisco Freire Corzo	Arquitecto		
<b>MÓDULO 3</b>				
Relatores	Juan Raposo Arceo	Doutor en Dereito	José María Domínguez Blanco	Licenciado en Dereito
	Vanesa Gómez Pacheco	Licenciada en Dereito	Carlos Pérez González	Doutor en Dereito
	Ignacio Soto González	Arquitecto	Gerardo Roger Fernández	Arquitecto
Profesores de taller	Ignacio Soto González	Arquitecto	José María Domínguez Blanco	Licenciado en Dereito
	Vanesa Gómez Pacheco	Licenciada en Dereito		

## Bloque I: CONTIDOS TRONCAIS

### MÓDULO I: A ESCALA TERRITORIAL

Os cambios económicos, sociais e ambientais que estamos a vivir supoñen novos desafíos nos ámbitos urbanístico e territorial para as cidades, rexións e países. Para favorecer un desenvolvemento económico social e sostible dende o punto de vista medioambiental requírese tanto de axeitados instrumentos de planificación e xestión das cidades e do territorio, como de capacidades técnicas e profesionais para poñelos en marcha e mantelos constantemente actualizados. O resultado do proceso de planificación, deseño e xestión territorial condiciona profundamente a ordenación territorial das actividades humanas. Ademais, o contexto socioeconómico no que evolucionan os sistemas está fortemente regulado pola intervención dos axentes sociais, o que condiciona a marxe de manobra dos xestores.

O novo territorio debuxado pola globalización deu lugar a unha estrutura baseada na mobilidade espacial que tivo como resultado la aparición de problemas sociais e económicos derivados da exclusión que produce distancia espazo-temporal e a inexistencia de memoria emocional. Está xeneralizándose a memoria inmediata: nos convertemos nunha sociedade nómada que satisfai as súas necesidades en puntos concretos e illados do territorio, lugares repetitivos e carentes de singularidade interconectados por canles de transporte. Este modelo de desenvolvemento, polo cotidián do seu uso, ten como consecuencia a invisibilización do propio territorio en que se desenvolven, dos seus valores, relacións e identidade.

O proceso de ordenación e xestión territorial está integrado por coñecementos e prácticas provintes de campos científicos e praxes profesionais diversas que conflúen e se combinan nesta disciplina.

**O obxectivo xeral do módulo é actualizar e perfeccionar coñecementos e habilidades para promover e xestionar o desenvolvemento sostible de cidades e territorios desde unha visión multidisciplinar e integrada.**

Módulo I:  
LA ESCALA TERRITORIAL

MI.01 mércores 25.10.2017	10:00 - 11:00	<b>Apertura oficial del curso</b> Presentación dos contidos do curso.
	11:00 - 14:15	<b>Xerardo Estévez Fernández</b> Santiago de Compostela. Presente e futuro.
	15:45 - 20:00	<b>Manuel Borobio Sanchiz</b> Instrumentos para a ordenación e xestión do territorio. As Directrices de Ordenación do territorio. O plan de Ordenación do Litoral. Estratexias da paisaxe
MI.02 xoves 02.11.2017	10:00 - 14:15	<b>Juan Requejo Liberal</b> Ordenación territorial. Planificación territorial.
	15:45 - 20:00	<b>Taller</b> Presentación dos contidos e desenvolvemento do taller de ordenación territorial.
MI.03 xoves 09.11.2017	10:00 - 14:15	<b>Miriam García García</b> Cara a planificación e deseño resiliente das fronteiras litorais.
	15:45 - 20:00	<b>Taller</b>
MI.04 mércores 15.11.2017	10:00 - 14:15	<b>Manuel Borobio Sanchiz   José Daniel Turrado Sánchez</b> Sistemas de Información Xeográfica (GIS). Metodoloxías de diagnóstico e análise territorial (elaboración de proxectos, análise estratéxico, prospectiva, etc.). A avaliación da intervención no territorio.
	15:45 - 20:00	<b>Taller</b>
MI.05 mércores 22.11.2017	10:00 - 14:15	<b>Francisco Castillo Rodríguez</b> O territorio como sistema integrado: a transformación do medio físico. Información, diagnóstico y análise do medio natural.
	15:45 - 20:00	<b>Taller</b>
MI.06 xoves 30.11.2017	10:00 - 14:15	<b>Daniel González Franco</b> A realidade territorial en Galicia. Medio físico e medio construído.
	15:45 - 20:00	<b>Taller</b>

MI.07 xoves 14.12.2017	10:00 - 14:15  15:45 - 20:00	<p><b>José María Ezquiaga Domínguez</b>                      Desenvolvemento territorial e desenvolvemento urbano. Criterios de sostibilidade. O medio ambiente urbano.</p> <p><b>Taller</b></p>
MI.08 xoves 21.12.2017	10:00 - 14:15  15:45 - 20:00	<p><b>Albert Cuchí i Burgos</b>                      A planificación do territorio en espazos sensibles ou vulnerables. Os riscos naturais e antrópicos e a planificación territorial. Os espazos naturais protexidos (ENP): problemas de planificación, uso e xestión.</p> <p><b>Taller</b></p>
MI.09 xoves 11.01.2018	10:00 - 14:15  15:45 - 20:00	<p><b>Carlos Calzadilla Bouzón</b>                      Avaliación ambiental estratéxica.</p> <p><b>Taller</b></p>
MI.10 xoves 18.01.2018	10:00 - 14:15  15:45 - 20:00	<p><b>Francisco Pol Méndez.</b>                      Patrimonio: as preexistencias e planificación territorial como instrumentos para outro desenvolvemento.</p> <p><b>Taller</b></p>
MI.11 xoves 25.01.2018	10:00 - 14:15  15:45 - 20:00	<p><b>Xosé Manuel Tato Camino</b>                      As infraestruturas e tráfico urbano: urbanismo e transporte; mobilidade, viario e tráfico; transporte público. Novas ideas de mobilidade.</p> <p><b>Taller</b>                      Exposición dos traballos do taller do módulo I.</p>

## MÓDULO II: A PLANIFICACIÓN E A XESTIÓN URBANÍSTICA

O obxectivo principal deste módulo é **o estudo pormenorizado e a comprensión dos instrumentos de ordenación urbanística e os diferentes mecanismos que permiten a súa execución.**

No contexto actual, podemos afirmar que existe un progresivo proceso de perda de identidade do espazo urbano, tanto nos novos crecementos como nos espazos consolidados, nos que se trata de preservar a cidade herdada a través de xestións parciais e actuacións puntuais. Así mesmo, obsérvase un crecente número de espazos intersticiais abandonados ou menosprezados; asociados fundamentalmente a contornas que perderon a súa función ou ás infraestruturas, que se invisibilizan por múltiples razóns e que compoñen unha rede de paisaxes esquecidas, fortemente degradados e nos que xorden problemas sociais, ambientais, que poden estenderse ás contornas próximas cun importante valor paisaxístico.

Por tanto, **é de suma importancia a comprensión deste segundo módulo** que, como introdución xeral ao dereito urbanístico e ao estatuto xurídico do dereito de propiedade, supón o asentamento dos primeiros **coñecementos urbanísticos que son esenciais para a toma de decisións e o plantexamento de estratexias de carácter global no espazo urbán, que permitan o seu desenvolvemento e recuperación de forma integrada e cohesionada.**

Analizarase **a regulación do urbanismo en Galicia**, que foi cobrando especial complexidade nos últimos anos, como consecuencia do sistema de distribución competencial entre Estado e Comunidades Autónomas, con especial referencia á lexislación galega actual e á nova Lei do Solo estatal e o seu incidente na lexislación urbanística galega.

Defíniranse **os principios xerais que rexen o urbanismo**, así como o contido básico dos dereitos e deberes dos suxeitos afectados: cidadáns, propietarios e particulares en xeral que poden participar no proceso de transformación urbanística do solo. Analizaranse as situacións básicas do chan segundo a nova Lei estatal e a clasificación do solo en aplicación da normativa autonómica.



- A **primeira parte** dos contidos teñen como núcleo esencial a ordenación urbanística e o Plan Xeral, como instrumento onde se concretan as normas do uso do solo e da edificación.

O plan expónse como a base fundamental e necesaria de toda ordenación. Mediante os plans atribúese ao terreo unha capacidade inicial de edificación pero para a súa consolidación será necesario o cumprimento dunha serie de obrigas e cargas que han de cumprirse no prazo previsto no propio plan.

Para iso propóñense neste módulo o estudo do plan en todas as súas dimensións territoriais, partindo da ordenación propia de ámbitos supramunicipais ata un estudo moito máis amplo, pormenorizado e completo da que en todas as súas manifestacións localízase no municipio, analizando os criterios teóricos para a elección de figuras de plan municipal.

- Na **segunda parte** deste módulo abordarase a materialización física e xurídica destas determinacións co desenvolvemento da xestión do solo.

Analizaranse os instrumentos materiais e xurídicos necesarios que nos permitirán levar á práctica a execución das determinacións das leis e o plan, a través dun percorrido polas distintas figuras sistemáticas de xestión integral tanto públicas como persoais (expropiación, cooperación, compensación, axente urbanizador) así como as figuras de xestión puntual como as actuacións asistemáticas, e os convenios urbanísticos, ofrecendo un estudo amplo dos seus aspectos xurídicos como instrumentos fundamentais para a práctica urbanística.

Finalmente, engádense as figuras de materialización física da xestión como son os proxectos de urbanización e de obras de urbanización.

Módulo II:  
LA PLANIFICACIÓN Y LA GESTIÓN URBANÍSTICA

MII.01 xoves, 01.02.2018	10:00 - 11:30	<b>Presentación do módulo II</b> Presentación dos contidos e obxectivos do módulo.
	12:00 - 14:15	<b>Encarnación Rivas Díaz.</b> El marco normativo del urbanismo en Galicia.
	15:45 - 20:00	<b>Xosé Francisco Freire Corzo</b> Planeamento urbanístico. Normas subsidiarias e complementarias. Normas de aplicación directa.
MII.02 xoves 08.02.2018	10:00 - 14:00	<b>Juan Marcos Pérez Gulín</b> Os procesos participativos no planeamento [I]
	15:45 - 20:00	<b>Juan Marcos Pérez Gulín</b> Os procesos participativos no planeamento [II]
MII.03 xoves 15.02.2018	10:00 - 14:15	<b>Juan Marcos Pérez Gulín</b> Os procesos participativos no planeamento [II]
	15:45 - 20:00	<b>Juan Marcos Pérez Gulín</b> Os procesos participativos no planeamento [II]
MII.04 xoves 22.02.2018	10:00 - 14:15	<b>María José Valenzuela Rodríguez</b> O dereito de propiedade do solo. O Estatuto da propiedade do solo: facultades e deberes. Solo urbano - solo urbanizado.
	15:45 - 20:00	<b>Taller</b>
MII.05 xoves 01.03.2018	10:00 - 14:15	<b>Carmen Rodríguez Andrade</b> Solo rústico - solo non urbanizado. Solo Urbanizable: Réxime. Categorias. Condicións de uso. Condicións de edificación.
	15:45 - 20:00	<b>Taller</b>
MII.06 xoves, 08.03.2018	10:00 - 14:15	<b>José Fariña Tojo</b> Os asentamentos rurais. Cómo afrontar o cambio climático dende a planificación urbanística.
	15:45 - 20:00	<b>Taller</b>

MII.07 xoves 15.03.2018	10:00 - 14:15	<b>Alfonso Díaz Revilla</b> O Plan Xeral como elemento de Ordenación Municipal. Efectos da aprobación, publicidade, vixencia, modificación e revisión dos plans.
	15:45 - 20:00	<b>Taller</b>
MII.08 xoves 22.03.2018	10:00 - 14:15	<b>Oscar Peña Sánchez</b> O planeamento de desenvolvemento: marco legal. Os Plans Parciais.
	15:45 - 20:00	<b>Taller</b>
MII.09 xoves 05.04.2018	10:00 - 14:15	<b>Carles Llop i Torné</b> Os Plans Especiais
	15:45 - 20:00	<b>Taller</b>
MII.10 xoves 12.04.2018	10:00 - 14:15	<b>Berta Rosón López</b> A execución do planeamento: Principio de desenvolvemento sostible, Sostibilidade ambiental e calidade urbana. Distritos e sectores. Equidistribución. Reparto de cargas e beneficios. Sistemas de actuación
	15:45 - 20:00	<b>Taller</b>
MII.11 xoves 19.04.2018	10:00 - 14:15	<b>José Ángel Oreiro Romar</b> Actuacións asistemáticas.
	15:45 - 20:00	<b>Taller</b>
MII.12 xoves 26.04.2018	10:00 - 14:15	<b>Manuel Carbajo Capeáns</b> O proxecto de urbanización. Implantación de servizos e dotacións. Equipamentos. O espazo público urbano. Criterios de deseño. Estudos de Detalle.
	15:45 - 20:00	<b>Taller</b>
MII.13 xoves 03.05.2018	10:00 - 14:15	<b>Gerardo Roger Fernández</b> Actuacións asistemáticas. Novas formas de intervención e xestión no solo urbano.
	15:45 - 20:00	<b>Taller</b>
MIV V.00 mércores 09.05.2018	10:00 - 14:15	<b>Presentación do bloque II: Materias optativas</b> Presentación dos contidos dos módulos opcionais IV   V. Presentación do desenvolvemento dos traballos individuais: Obxectivos, criterios, exemplos, cronoloxía.
MII.14 mércores 09.05.2018	15:45 - 20:00	<b>Taller</b> Exposición dos traballos do taller do módulo II.

### MÓDULO III:

## A INTERVENCIÓN ADMINISTRATIVA NA EDIFICACIÓN E USOS DO SOLO

Nos módulos anteriores partiuse do estudo do estatuto xurídico do dereito de propiedade definido pola lexislación urbanística aplicable en cada caso e con posterioridade procedeuse á elaboración do plan como documentación lexitimadora da actividade de xestión. Neste terceiro **módulo abordarase a materialización física e xurídica destas determinacións na edificación.**

No conxunto da actividade destinada ao control da edificación e o seu uso a Administración goza dunha serie de instrumentos como son o outorgamento de licenzas, a existencia do deber de conservación e ordes de execución, ou a declaración de ruína así como os procedementos sancionadores e mecanismos para restaurar a legalidade urbanística vulnerada, como son as ordes de execución.

Este módulo inclúe tamén a análise de todos e cada un destes instrumentos que permiten á Administración o control da legalidade no desenvolvemento da actividade urbanística.

Así mesmo, complétase co estudo dos Patrimonios Públicos do Solo, os dereitos de tanteo e retracto e o dereito de superficie, cuxo coñecemento poden reportar solucións de oportunidade a problemas urbanísticos concretos.

Módulo III:  
LA INTERVENCIÓN ADMINISTRATIVA EN LA EDIFICACIÓN Y USOS DEL SUELO

MIII.01 mércores 16.05.2018	10:00 - 12:00	<b>Presentación do módulo III</b> Presentación dos contidos e obxectivos do módulo.
	12:15 - 14:15	<b>Juan Raposo Arceo</b> Réxime xurídico das servidumes e limitacións legais ao dereito de propiedade: costas, infraestruturas, protección do patrimonio, etc. [I]
	15:45 - 20:00	<b>Juan Raposo Arceo</b> Réxime xurídico das servidumes e limitacións legais ao dereito de propiedade: costas, infraestruturas, protección do patrimonio, etc. [II]
MIII.02 xoves 24.05.2018	10:00 - 14:00	<b>Vanesa Gómez Pacheco   Ignacio Soto González</b> As licenzas urbanísticas.
	15:45 - 20:00	<b>Taller</b>
MIII.03 xoves 31.05.2018	10:00 - 14:15	<b>Vanesa Gómez Pacheco   Ignacio Soto González</b> A comunicación previa.
	15:45 - 20:00	<b>Taller</b>
MIII.04 xoves 07.06.2018	10:00 - 14:15	<b>José María Domínguez Blanco</b> Disciplina urbanística
	15:45 - 20:00	<b>Taller</b>
MIII.05 xoves 14.06.2018	10:00 - 14:15	<b>Carlos Pérez González</b> Réxime xurídico de fora de ordenación. Fora de ordenación total. Fora de ordenación parcial.
	15:45 - 20:00	<b>Taller</b>
MIII.06 xoves, 21.06.2018	10:00 - 14:15	<b>Gerardo Roger Fernández</b> Valoracións. Catastro. Aspectos notariais das actuacións urbanísticas
	15:45 - 20:00	<b>Taller</b>

## Bloque II: CONTIDOS OPTATIVOS

### MÓDULO IV:

### REXENERACIÓN DE CIDADES E BARRIOS URBANOS CONSOLIDADOS

Este módulo **ten como obxectivo analizar as estratexias que deron lugar ao desenvolvemento dos modelos urbanísticos mantidos no noso país durante os últimos anos, baseados fundamentalmente no desenvolvemento de novos solos** e o malgasto de recursos, e reivindicar a cidade compacta tradicional como ámbito máis adecuado para a residencia humana no século XXI.

Para iso, plantexaranse tanto os obxectivos para alcanzar na rexeneración dos nosos centros urbanos como os procedementos básicos dispoñibles para iso.

Entre outras, o módulo fará referencia ás seguintes estratexias a aplicar:

1. Acordar un proxecto estratéxico de referencia, baseado nunha visión de futuro común.
2. Potenciar o tecido asociativo e crear estruturas de colaboración o máis amplas posible.
3. Promover proxectos de desenvolvemento local nas zonas en declive.
4. Conservar e potenciar a coexistencia de usos e veciños propia da cidade compacta tradicional.
5. Mellorar os equipamentos urbanos.
6. Favorecer a continuidade dos servizos de proximidade e a reposición dos que desaparezan.
7. Mellorar a calidade ambiental do espazo público.
8. Aplicar criterios de sustentabilidade enerxética e de recursos en todas as intervencións, tanto na edificación como no espazo público.
9. Mellorar a accesibilidade para todo tipo de veciños.
10. Implantar medidas que reduzan as necesidades de desprazamentos.
11. Mellorar a seguridade e a imaxe da contorna.
12. Desenvolver un sistema de seguimento do proceso no que estean representados todos os axentes implicados.

Os contidos detallados, programación e relatores facilitaranse ao longo do curso. En concreto, a sesión **IV | V.00** do curso [09.05.2018] estará destinada á **presentación e explicación deste módulo** e os restantes contidos que integran o bloque II de materias optativas.

## MÓDULO V: NOVO PROCEDEMENTO ADMINISTRATIVO E CONTRATACIÓN PÚBLICA

O obxectivo deste módulo é que os alumnos poidan adquirir **os coñecementos necesarios en relación á normativa que regula os procedementos e a contratación nas Administracións Públicas.**

Para iso, analizaranse os contidos e novidades das novas leis 39/2015, de Procedemento Administrativo e 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público, con especial atención a algúns dos seus aspectos máis relevantes desde o punto de vista práctico, como é a súa adaptación á tramitación electrónica.

Ademais, expoñeranse os principais aspectos relacionados coa nova normativa que regula os procedementos en materia de catastro e rexistro da propiedade.

Os contidos detallados, programación e relatoras facilitaranse ao longo do curso. En concreto, a **sesión IV | V.00** do curso [09.05.2018] estará destinada **á presentación e explicación deste módulo** e os restantes contidos que integran o bloque II de materias optativas.

## TRABALLO INDIVIDUAL

Ao longo deste segundo bloque de contidos optativos, **os alumnos deberán desenvolver un traballo individual que versará sobre un estudo e análise ao redor de problemas técnicos, teorías ou políticas aplicadas para o coñecemento ou actuación sobre unha materia daquelas que constitúen o obxecto dalgún dos contidos do programa.** O seu nivel terá carácter de tese de investigación.

O traballo desenvolverase entre os meses de xuño e decembro de 2018.

No desenvolvemento destes traballos os alumnos contarán cun titor externo, elixido por eles, e contarán ademais cunha titorización interna e sesións presenciais de apoio que se integrarán na programación dos módulos opcionais.

Na sesión **IV | V.00** do curso [09.05.2018], destinada á presentación dos contidos do bloque II, **expoñeranse de forma detallada os obxectivos e criterios de valoración dos traballos do curso, xunto coas fases de desenvolvemento temporal do mesmo**, que incluírán:

- Presentación de propostas: Os alumnos deberán presentar unha proposta de tema e de titor, que incluírá un guión de desenvolvemento. Esta proposta deberá ser aprobada pola dirección académica do curso.
- Designación pola organización do curso dun titor interno para cada alumno: Unha vez avaliadas e aprobadas as propostas de tema e titor presentadas polos alumnos, designarase a cada un deles e en función da temática, un titor interno que será o encargado, por parte da organización do curso, do seguimento do traballo.
- Sesións presenciais destinadas a titorización interna.
- Entregas parciais con carácter previo á entrega final, se así o estimasen oportuno os titores correspondentes.
- Entrega final dos traballos, que deberá acompañarse de informe favorable do titor elixido polo alumno.
- Exposición dos traballos fronte ao tribunal de avaliación.

A programación de datas correspondentes a entregas e tribunais de avaliación acordaranse cos alumnos ao longo do curso coa suficiente antelación. Unha vez fixadas, estas datas non poderán ser en ningún caso obxecto de modificación posterior.



Programación de sesiones presenciales

JULIO	AGOSTO	SEPTIEMBRE	OCTUBRE	NOVIEMBRE	DICIEMBRE
L M X J V S D 1 2 3 4 5 6 7 8 9 10 11 12 13 14 15 16 17 18 19 20 21 22 23 24 25 26 27 28 29 30 31	L M X J V S D 1 2 3 4 5 6 7 8 9 10 11 12 13 14 15 16 17 18 19 20 21 22 23 24 25 26 27 28 29 30 31	L M X J V S D 1 2 3 4 5 6 7 8 9 10 11 12 13 14 15 16 17 18 19 20 21 22 23 24 25 26 27 28 29 30	L M X J V S D 1 2 3 4 5 6 7 8 9 10 11 12 13 14 15 16 17 18 19 20 21 22 23 24 I.01 26 27 28 29 30 31	L M X J V S D 1 I.02 3 4 5 6 7 8 I.03 10 11 12 13 14 I.04 16 17 18 19 20 21 I.05 23 24 25 26 27 28 29 I.06	L M X J V S D 1 2 3 4 5 6 7 8 9 10 11 12 13 I.07 15 16 17 18 19 20 I.08 22 23 24 25 26 27 28 29 30 31
ENERO	FEBRERO	MARZO	ABRIL	MAYO	JUNIO
L M X J V S D 1 2 3 4 5 6 7 8 9 10 I.09 12 13 14 15 16 17 I.10 19 20 21 22 23 24 I.11 26 27 28 29 30 31	L M X J V S D I.01 2 3 4 5 6 7 I.02 9 10 11 12 13 14 I.03 16 17 18 19 20 21 I.04 23 24 25 26 27 28	L M X J V S D I.05 2 3 4 5 6 7 I.06 9 10 11 12 13 14 I.07 16 17 18 19 20 21 I.08 23 24 25 26 27 28 29 30 31	L M X J V S D 1 2 3 4 I.09 6 7 8 9 10 11 I.10 13 14 15 16 17 18 I.11 20 21 22 23 24 25 I.12 27 28 29 30	L M X J V S D 1 2 I.13 4 5 6 7 8 IV V.00 10 11 12 13 14 15 III.01 17 18 19 20 21 22 23 III.02 25 26 27 28 29 30 III.03	L M X J V S D 1 2 3 4 5 6 III.04 8 9 10 11 12 13 III.05 15 16 17 18 19 20 III.06 22 23 24 25 26 27 28 29 30
JULIO	AGOSTO	SEPTIEMBRE	OCTUBRE	NOVIEMBRE	DICIEMBRE
L M X J V S D 1 2 3 4 5 6 7 8 9 10 11 12 13 14 15 16 17 18 19 20 21 22 23 24 25 26 27 28 29 30 31	L M X J V S D 1 2 3 4 5 6 7 8 9 10 11 12 13 14 15 16 17 18 19 20 21 22 23 24 25 26 27 28 29 30 31	L M X J V S D 1 2 3 4 5 6 7 8 9 10 11 12 13 14 15 16 17 18 19 20 21 22 23 24 25 26 IV V.01 28 29 30	L M X J V S D 1 2 3 IV V.02 5 6 7 8 9 10 IV V.03 12 13 14 15 16 17 IV V.04 19 20 21 22 23 24 IV V.05 26 27 28 29 30 31	L M X J V S D 1 2 3 4 5 6 7 IV V.06 9 10 11 12 13 14 15 16 17 18 19 20 21 22 23 24 25 26 27 28 29 30	L M X J V S D 1 2 3 4 5 6 7 8 9 10 11 12 13 14 15 16 17 18 19 20 21 22 23 24 25 26 27 28 29 30 31

MÓDULO I	MÓDULO II	MÓDULO III
I.01 Apertura oficial del curso Xerardo Estévez Fernández Manuel Borobio Sanchiz	II.01 Encarnación Rivas Díaz Xosé Francisco Freire Corzo	III.01 Juan Raposo Arceo
I.02 Juan Requejo Liberal	II.02 Juan Marcos Pérez Gulín	III.02 Vanesa Gómez Pacheco Ignacio Soto González
I.03 Miriam García García	II.03 Juan Marcos Pérez Gulín	III.03 Vanesa Gómez Pacheco Ignacio Soto González
I.04 Manuel Borobio Sanchiz José Daniel Turrado Sánchez	II.04 María José Valenzuela Rodríguez	III.04 José María Domínguez Blanco
I.05 Francisco Castillo Rodríguez	II.05 Carmen Rodríguez Andrade	III.05 Carlos Pérez González
I.06 José María Ezquiaga Domínguez	II.06 José Fariña Tojo	III.06 Gerardo Roger Fernández
I.07 Daniel González Franco	II.07 Alfonso Díaz Revilla	
I.08 Albert Cuchi i Burgos	II.08 Oscar Peña Sánchez	
I.09 Carlos Calzadilla Bouzón	II.09 Carles Llop i Torné	
I.10 Francisco Pol Méndez	II.10 Berta Rosón López	
I.11 Xosé Manuel Tato Camino	II.11 José Ángel Oreiro Romar	IV V MÓDULOS IV   V
	II.12 Manuel Carbajo Capeáns	IV V Módulo optativo IV
	II.13 Gerardo Roger Fernández	Módulo optativo V
	N V.00 Presentación contenidos bloque II	Tutorización trabajo individual